



FOUCELLAS



A historia do franquismo en Galicia, ao igual que no resto do estado, está chea de dolor, angustia e represión. Pero quizais onde esta represión se fixo máis patente foi, precisamente, en Galicia. Este lugar, poucos días despois do alzamento fascista, estaba practicamente dominado polas forzas militares sen, case, enfrontamentos. Unha situación, que, en cambio, favoreceu a organización de partidas guerrilleiras por todas partes. Así, temos os casos de Foucellas, de Piloto, de pancho ou de Langullo. Todos eles conseguiron resistir ata os anos 60 e 70. Pero quizais, se houbese que elixir un nome mítico destes mártires da liberdade habería que falar de Foucellas.

Era natural dunha aldea coruñesa: Foucellas. En 1936 traballou como peón nunha serraría da parroquia de Mesía. Era de estatura pequena pero de forte com-

plexión física. Pertencía á C.N.T. e en Xuño de 1936 xa se enfrontou co destacamento da Garda Civil de Cabruy. Ao dicir da xente, era un rebelde nato y tiña un don rarísimo: cheiraba os gardas a cen metros á redonda. Aínda que oficialmente se lanza ao monte en 1941, asegúrase que, antes de que rematase o verán de 1936, xa andaba por aquel monte fustigando as forzas inimigas.

Foucellas instálase nos Montes de Boecio. A partida componse case toda de prisioneiros republicanos ("que recorreran tódolos pasos da amargura, coma Cristo"). A zona batida é a do cuadrilátero Betanzos-Ordes-Arzúa-Guitiriz. Cabrera Baja e bateu toda a zona norte de Puebla de Sanabria —de onde parece que era natural «Abelardo»—, dende San Martín de Castañeda ata Santa Eulalia de Rionegro. Esta partida caracterizouse pola ocupación pola forza de varias vilas e aldeas do Val de Sanabria, Santa Colomba de Sanabria e Trefació, entre outros, así como por unha serie de mortíferas emboscadas que tenderon ás forzas do orde.

Esta partida actuou moitas veces apoiada por grupos foráneos e, moi particularmente, polo de "Girón" (leonés) e o de "Abel" (galego). Ao dicir das xentes, "Abelardo" levaba na súa partida aos mellores prácticos da rexión e cóntase que os seus homes eran os máis hábiles introdutores, na Serra do Eixe, das parti-

das que ían invernar nos Montes do Castelo, o santuario da guerrilla do Noroeste de España. Os mandos desta partida eran militantes do P.C.E. e case todos foron evacuados cara o estranxeiro.

Con dicir que aos guerrilleiros se lles chegou a chamar "os foucellas"... Xa que levaba un asistente moi eficiente: un tal «Ricardín» Por outra parte, a través desta partida a guerrilla da rexión podía dispor de infinidade de puntos de apoio. A mediados de maio de 1948, cando a partida se dirixía cara os montes de Lalín, sostiveron unha dura liorta coas forzas represivas e sufriron baixas importantes. O 9 de marzo de 1952, cando "Foucellas" se encontraba na zona de Betanzos, foi descuberto no seu refuxio. Abriuse un tiroteo, o guerrilleiro resultou ferido nun pé, e detivérono. Foi xulgado por un consello de guerra, na Coruña, e executado o 26 de xullo de 1952.

Aritz Rodríguez
García. 1ºBAC.-B

